BOLETÍN GALEGO DE LITERATURA

Nº 21-22, 1999 ISSN 0214-9117



1989 10 ANOS DE CREACIÓN 1999

SERVICIO DE PUBLICACIÓNS
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
1999

© UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 1999

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Alejandro Vidal, sobre unha idea inicial de Pedro de Llano

EDITA
SERVICIO DE PUBLICACIÓNS
DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Campus universitario sur

IMPRIME
IMPRENTA UNIVERSITARIA
Pavillón de Servicios
Campus universitario sur

ISSN: 0214-9117
Depósito Legal: C-641-1989

BOLETÍN GALEGO DE LITERATURA, nº 21-22 (1999): pp. 33-35 / ISSN 0214-9117

Margarita Ledo Andión

MARGARITA LEDO ANDIÓN (Castro de Rei, Lugo, 1951) é xornalista e Profesora Titular da Facultade de Ciencias da Información da Universidade de Santiago de Compostela, da que foi decana logo de impartir a materia de Comunicación Audiovisual da Facultat de Ciències de la Informació de Barcelona. Fundou e dirixiu, durante tres anos, o periódico A nosa terra; creou a revista Escrita da Asociación de Escritores en Lingua Galega e os proxectos gráficos do boletín do Clube Cultural Adiante dá CXTG, da revista galega de mulleras Festa da palabra silenciada, de A Trabe de Ouro. Publicación Galega de Pensamento Crítico e da publicación Europa de les nacións, do Moviment Nacionalitari Europeu. Ten publicado Prensa e galeguismo (1982) e Foto-xoc e xornalismo de crise (1988) e O diario post–televisivo (1992).

No terreo literario deuse a coñecer como poeta con Parolar cun eu, cun intre, cun inseuto (1970) e O corvo érguese cedo (1973). Logo cultivou a narrativa nos contos Mamá-Fe (1983) e nas novelas Trasalba ou Violeta e o militar morto (1985) e Porta blindada (1990). É autora tamén dos textos misceláneas Linguas mortas. Serial radiofónico (1989), libro editado en colaboración coa fotógrafa Anna Turbau, e Historias como Barcelona (1993).

Estivo vencellada desde moi cedo á esquerda nacionalista e tivo que exiliarse en Portugal de 1974 a 1976.

Autopoética

A linguaxe criativa sedimentada é verdade que funciona, que pasa sen ruidos por entre o noso cotián e que quizabes nos faga desexar un outro real-imaxinario como a moza play-boy. Pero a escrita que eu quero é coactiva, une materiais, referencias, tempos, ritmos, xogos analóxicos, bichos inexistentes, tiques de diferentes culturas e non pasa se non é establecendo afectos como calquera outra forma de corrupción das normas do poder. Porque a linguaxe sedimentada é un bon mecanismo para poder pasar polo poder, por iso interesa tanto lle restar á escrita o que ten de sensíbel e facela rutina de supermercado. Anque eu tamén fago literatura de masas. O que pasa é que para un outro soporte: para a prensa. E nos textos que non son de prensa exprésome tal e como decido me expresar. Os meus comportamentos narrativos adoitan ancorar nese real que se agarra á construcción literaria para tronzar insolidariedades e que por iso se nos fai altivo cando escoa para unha das muitas

versións en que se poderá manifestar. Eu agora corrixo probas nunha historia de personaxe que o tería todo para ser un heroe: inxenio, paixón, clarividencia, iniciativa, unha boa esquerda aos morros e un metro oitenta de estatura. Leva nun manicomio máis de vinte anos. E é de carne e óso. Como a Literatura que desexo.

Barcelona, 1990.

Sobremesa en restaurant chinés.

Di chees. En pronunciándoo chis. Pero non o digas coma se foses chamar ao camareiro. Ponte así. Deste xeito. Ponte cos dentes ao vivo cáseque sen xuntar. Os dentes. Sen que se toquen. Para que o son do *i* permaneza o tempo xusto de tirar a foto. Permaneza entre os dentes.

Di *chees.* Dío atirando cara ti do *is.* E verás como saes na foto sen que chegues a te botar a rir. Como saes convidando a non se sabe o qué con esa túa capacidade inagardada para seducir. Así. Baixa o queixo un chisco. Agora. O paxariño. Baixa o queixo. Di chis. Pero non olles para min neste momento tal se me anunciaras: aí vén o desastre.

Lychees. Dixeches Lychees no lugar de chees. Si, tamén remata por se escoitar chis. E unha pequena fendedura ao bies nun dos teus dentes fai que ese teu dente colla forma terminal de caveto con pétalas de lys. A flor de lys é o mesmo que os lychees ou se non non se chamarían tan iguais nen a froita chinesa tiña por que ser tan semellante a unha especime de landra inmaterial nen tiña por que non acabar de ser doce cando gustas de lychees nen o seu tacto non tiña por que non ser medoso mentres ampla no muro pulido e vexetal polo que devala unha lixeira pingadela de almibre.

E porque ollaches o teu trunfo denantes de dicires lychees a foto disparouse xusto cando ollaches, non despois, non cando sorrías por teres dito lyches. E porque os lychees son comestibeis e non teñen memoria –como as mónadas*– nin se lúen os uns lychees nos outros –como as mónadas– nin nunca sabes se

*. Leibniz. A Monadoloxía. Facía sexto de bacharelato e recordo que as mónadas non teñen xanelas, que son independentes e que son ao mesmo tempo harmónicas.

un lychee saberá o mesmo coma un outro lychee nin sei eu se para formar o plural dunha froita chinesa abondará con lle engadir o *ese* ou lle cómpre a carón un outro lychee pareceunos que era como dicer *bao chi.*

Di *bao chi.* Agora di *bao chi.* Como sona. Para os americanos pronunciado *bow chee,* recomendáballe cada día de dios o delegado da axencia UPI aos fotógrafos. Di *bao chi,* que en vietnamita quere dicer *prensa* e ben poidera ser que por dicer *bao chi* non nos peguen un tiro porque acó quédanos ben pouco que facer.

Di *bao chi* coma se describises ese peixe con penacho romo de león e con cauda de ave xentilicia. Di agora que non che gusta a educación sexual na escola porque nunca un peixe educado na escola podería exhibirse con esa coquetería de peixiño-león por entre as augas e obrigarte a que queiras ollalo dende enriba.

Di que non che gusta a educación sexual na escola e pasa a man aberta por sobre da almofada lateral do sofá porque é cando colles ese aspecto de tipo con pasamontañas, tipo con mono, tipo con anorak por sobre o mono e coas mans nos petos, tipo que fita dende o lateral –sobre da almofada– mentres ti sobes a escada traseira do avión e é cando ese tipo que terma das pernas estalicadas e que está el mesmo botado cara atrais repousando na carrita laranxa do servicio de mantenimento de aeroportos axexa para nós por entre o barullo monótono da compresión e fai que eu comente que si ese tipo da carrita se nos parece tanto ás fotos de soviéticos é porque necesitamos que ese tipo do anorak sexa eficaz e ti dis que diferencias á xente pola cara e eu digo que diferencio á xente por como di *bao chi.*

Margarita Ledo Andión, 1990